



Pilar Rojo reitera a necesidade de tomar decisións para garantir o “respecto” aos “principios democráticos” no Parlamento

- **A presidenta do Parlamento reitera que ao xestionar directamente o acceso de convidados á tribuna do hemiciclo busca evitar “espectáculos lamentables que humillan á democracia”**
- **Afirma que se trata dunha decisión meditada e axustada ao Regulamento, despois de que algúns grupos lle transmitiran “en máis dunha ocasión, que non ían ser responsables das actitudes dos seus convidados no hemiciclo”**

Santiago, 26 de xaneiro de 2013.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, recordou hoxe que despois dos sucesos rexistrados no último Pleno da Cámara, e cos antecedentes do sucedido noutros plenos de finais da pasada lexislatura, “había que tomar decisións”.

A decisión de xestionar directamente desde a Presidencia da Cámara o acceso de todos os convidados á tribuna do hemiciclo foi “meditada” e axústase perfectamente ao establecido no Regulamento do Parlamento, segundo explicou Rojo Nogueira en declaracións aos xornalistas, ao remate dun acto ao que asistiu este mediodía na Coruña.

Evitar “espectáculos lamentables”

Con esta medida, “moi necesaria” no momento actual, a presidenta do Parlamento busca evitar que se repitan no Pazo do Hórreo “espectáculos lamentables que humillan á nosa democracia”. Afirmou que, aínda que podería adoptar decisións máis drásticas, como pechar a tribuna de público, considera positiva a presenza de convidados nos plenos, pero



sempre que a súa asistencia se produza dentro do “respecto” e conforme a “principios democráticos”.

Sí haberá invitados no Pleno, pero xestionados pola Presidencia

Para aclarar posibles equívocos, Rojo Noguera insistiu en que o próximo Pleno da Cámara, previsto para o vindeiro martes, si vai contar coa asistencia de convidados, pero serán convidados do Parlamento, retirando deste xeito o cupo que xestionaban os grupos parlamentarios.

A presidenta da Cámara desvelou, tamén que algúns grupos parlamentarios lle transmitiron, “en máis dunha ocasión, que non ían ser responsables das actitudes que tomaran os seus convidados no hemiciclo”.

“Dadas as circunstancias, o único que fago é dicir que eu son responsable dos meus invitados e que os invitados o son da Presidencia e da institución”, concluíu Rojo Noguera.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia